

INFORME DE VALOR COMPARTIDO

once.es • fundaciononce.es • ilunion.com

2024

Resumo executivo agregado
do Grupo Social ONCE

Queridos amigos/as,

As palabras sempre tiveron o poder de conectar, de construír ou de crear pontes. No caso das persoas cegas, estas palabras convértense en **puntos** que, co seu relevo, nos abren ao mundo. Estas liñas teñen como fío condutor os **seis puntos** que conforman o braille —que acaba de cumprir 200 anos— e que permitiron que as persoas cegas puidésemos contarlles o que somos, o que facemos e ao que aspiramos.


E xa que os puntos nos guían, coma os dedos dunha persoa cega ao ler un texto en braille, déixenme que o noso **punto de partida** sexa o que máis nos importa: **as persoas**. En 2024, conseguimos superar o fito dos 75 000 traballadores, para **pechar o exercicio con 77 000 profesionais cun emprego de calidade, inclusivo, digno, sostible e ben valorado, con 5064 novos postos de traballo no Grupo Social ONCE**. O 60 % do persoal somos persoas con discapacidade e o 45 % son mulleres, datos que poñen os **puntos sobre os is** sobre cal é o noso obxectivo, o noso papel, o noso propósito e o noso logro.

Facemos todo iso desde un **punto de encontro** que é a unidade de acción e **a suma da ONCE, a Fundación ONCE e Ilunion**, as nosas tres áreas de xestión, que acadaron niveis históricos en xeración de riqueza e, mellor aínda, en niveis de inclusión e avances sociais. Por exemplo, ampliamos a cobertura ás persoas cegas que residen legalmente en España ou con dereito de asilo; puxemos en marcha a Fundación ONCE Baixa Visión; e estamos a traballar para que a UNESCO recoñeza o braille como Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade.

E conclúo, non cun punto final, senón cun **punto e seguido**: a intención do Grupo Social ONCE de seguir reforzando a súa posición como líder na xestión empresarial e social dirixida integramente ás persoas, a todas as persoas, especialmente ás que teñen algunha discapacidade ou están en risco de exclusión. Só teñen que darnos un **punto de confianza** e nós devolverémolos multiplicado **por seis puntos ou por mil**.




Miguel Carballada Piñeiro
Presidente do Grupo Social ONCE



Grupo Social ONCE

O maior provedor mundial de servizos sociais para persoas cegas e con discapacidade; o maior xerador de emprego de todo o mundo para persoas cegas e con discapacidade; **o cuarto maior empregador non público para persoas con e sen discapacidade en España.**

Líderes dun concepto de economía social que pon as persoas no centro; enfocados e fundidos nun modelo que combina aspectos **sociais, fundacionais e empresariais para crear unha marca global**, arraigada na identidade de cada área e na unidade de acción e de filosofía de futuro:

ONCE

Referente mundial na autonomía das persoas cegas ou con discapacidade visual. Basea o seu labor na xestión de produtos de lotería social, segura e responsable, con estrito control público e o reinvestimento íntegro de todos os ingresos en retorno social.

Fundación ONCE

Impulsada en 1988 para estender a cobertura a outras persoas con discapacidade e **promover a súa inclusión a través de tres pancas inseparables: formación, emprego e accesibilidade universal.**

Ilunion


As empresas do Grupo, con áreas que permiten o equilibrio económico e social, a diversificación e a sostibilidade, así como alcanzar o **seu obxectivo principal de crear emprego para persoas con discapacidade e en risco de exclusión.**

Máis emprego inclusivo e diverso

En 2024, aumentamos o noso persoal en 5064 profesionais, cunha taxa de crecemento do 7,1 %, o dobre da media nacional. E fixémoslo promovendo o apoio ás persoas con discapacidade ou en risco de exclusión, prestando atención a colectivos con dificultades especiais e incorporando a diversidade como un valor engadido.

A finais de 2024, eramos 45 678 persoas con discapacidade, das cales 9363 tiñan discapacidade intelectual ou psicosocial. E, ademais, con máis de 120 nacionalidades.

Emprego por xénero



A) Mulleres	34.654	45%
B) Homes	42.302	55%
Total	76.956	




Emprego por discapacidade



A) Persoas sen discapacidade	31.278	40,6%
B) Persoas con discapacidade	45.678	59,4%
Total	76.956	



Emprego por discapacidades




Total persoas con discapacidade: 45.678

Punto de encontro

O noso modelo socioeconómico é unha oportunidade de crecemento en si mesmo e permite liderar a economía social e manter o seu impulso fundacional.

Magnitudes económicas

Ilunion



Vendas en millóns de euros.

Fundación ONCE

Total ingresos (millóns de euros) 2024

ONCE	88,6
FSE	24,0
Doazóns privadas	1,8
Outros ingresos*	24,4
Total	138,8

Total gastos (millóns de euros) 2024

Plan de Emprego e Formación	103,0
Plan de Accesibilidade	33,7
Gastos de administración	1,7
Total	138,4
Superávit	0,4

Xogo social e responsable

A venda de produtos de lotaría xera recursos destinados integramente aos fins sociais do **Grupo Social ONCE**. E subscribimos **os principios do xogo responsable** co cumprimento dos controis e estándares máis severos en todas as súas loterías, soportes e canles.

56,2%

Pagamento de premios

22,3%

Salarios e cargas sociais
de axentes vendedores

5,8%

Prestacións de servizos
sociais a persoas afiliadas

3,2%

Fundación ONCE e outros
colectivos con discapacidade

1,3%

Comisións e compensacións
CFC e Canle Internet

8,5%


Gastos indirectos
de xogo

2,7%

Remanente

1.591,4
millóns de euros
repartidos
en premios.

Ingresos vendas loterías da ONCE
(millóns de euros).



Puntos Clave

O principal empregador de persoas con discapacidade do mundo e o cuarto empregador global en España.

254
millóns de euros
destinados a
investimento social
directo

Atendendo
71.444
persoas cegas,
con 3359 novos
membros
en 2024.

77.000
traballadores, o 60 %
con discapacidade
e o 45 % mulleres

10 anos
Ilunion, máis
facturación
para máis
empregos.

A Fundación ONCE
aprobou
2.234
proxectos de emprego,
formación
e accesibilidade
e distribuíu 136,7
millóns de euros.

602.133
horas
de formación.



INFORME DE **VALOR** COMPARTIDO **2024**

Resumo executivo agregado
do Grupo Social ONCE